



## Concello de Vigo

### Contratación

CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL A BANDEIRA-CARBALLAL, FASE I”

**1.- Entidade adxudicadora:** a) **Organismo:** Concello de Vigo; b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Deportes. c) **Obtención de documentación e información:** [www.vigo.org](http://www.vigo.org) (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206. **Data límite para solicitar documentación:** ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións; d) **Número de expediente:** 15342-333.

**2.- Obxecto do Contrato:** a) **Tipo:** Obras; b) **Descrición:** execución das obras do proxecto de “Reforma de campo de fútbol A Bandeira-Carballal. Fase I”. c) **CPV:** 45236110-4; 45111240-2; 45232121-6; 45310000-3; 45261000-4; 45243110-6. d) **División por lotes e número de lotes:** non; e) **Lugar de execución:** Vigo. f) **Prazo de execución:** 10 semanas.

**3.- Tramitación e procedemento:** a) **Tramitación:** Ordinaria; b) **Procedemento:** Aberto; c) **Criterios de adxudicación:** os consignados no apartado 8 da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.

**4.- Presuposto base de licitación:** 561.983,47 euros (sen IVE); IVE: 118.016,53.- euros.

**5.- Garantías esixidas:** a) **Provisional:** non se esixe; b) **complementaria:** si, por un importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato, cando a oferta adxudicada se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración. c) **Definitiva:** 5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE.

#### **6.- Requisitos específicos do contratista:**

**a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira:** Acreditarase por calquera dos seguintes medios:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato.
- Documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: Grupo C; subgrupo 6; categoría 2, e grupo I; subgrupo 9; categoría 1.

**b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional:** Acreditarase por calquera dos seguintes medios:



## **Concello de Vigo**

### **Contratación**

- Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados, como máximo, nos dez últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicarase importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos dez anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao valor estimado.
- Documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: Grupo C; subgrupo 6; categoría 2, e grupo I; subgrupo 9; categoría 1.

**7.-Presentación de ofertas:** a) **Data límite de presentación:** o prazo rematará ós 26 días seguintes ó de publicación do presente anuncio no BOP e no DOG; b) **Lugar de presentación:** Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n, 36202 VIGO; c) **Admisión de melloras:** non; d) **Prazo da obriga de mante-la oferta:** dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

**8.- Apertura de Ofertas:** a) **Dirección:** Casa do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO. b) **data e hora.** Anunciarase no perfil do contratante do concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

**9.- Gastos de Publicidade:** Pagaraos o adxudicatario ata a cantidade de 1.500 euros.  
BBR/gr

Vigo, 23 de novembro de 2016  
O concelleiro delegado de Contratación,  
P.D. (Decreto 19-06-2015 e Acordo 19-06-2015)

David Regades Fernández